



Concerto homenaxe a José Vázquez (1951-2021)

The Gries of London

Cancións, Fantasías e Danzas do Renacemento Inglés

If Women Could be Fair

William Byrd (1543-1623)

Come woeful Orpheus

I thought that Love had been a boy

Fantasia a 4 (I)

Out of the Orient Crystal skies

Lord in thy wrath

My mind to me a kingdom is

In Romine a 4

Ye sacred Muses

Paduan - Courante - Almand - Volta

John Dowland (1563 - 1626)

Flow my Tears

The Gries of London

Thomas Weelkes (1576 - 1623)

Capela Compostelana

Raquel Mendes, soprano

Sara Ruiz, viola da gamba tenor

M^a Alejandra Saturno, viola da gamba baixo

Xurxo Varela, viola da gamba baixo e soprano

Francisco Luengo, viola da gamba soprano e dirección

Capela de Santa María, Lugo 4 de Xullo de 2022

Raquel Mendes, soprano



Raquel Mendes iniciou os seus estudos musicais de violino no Conservatório de Música Calouste Gulbenkian de Braga, en 2003, terminando o 5º grau do mesmo. Concluiu os estudos nesta institución no 2015 no curso de canto, baixo a orientación de Inês Sofia, tendo estudado anteriormente cas docentes Maria José Carvalho e Ana Rute Rei. En 2019 concluiu a licenciatura en canto na ESMAE con nota máxima, baixo a orientación de António Salgado.

É membro dos ensembles vocais Moços do Coro, Absolute Vocem Ensemble, Suave Armonia, Bando de Surunyo e Cupertinos - os dous últimos especializados na música portuguesa dos séculos XVI e XVII - e colabora frecuentemente co ensemble Ars Combinatoria. Participou em importantes festivais de música nacionais e internacionais, como por exemplo o Festival Internacional de Música da Póvoa de Varzim, Festival Abulensis, Festival Antena 2, Tage Alter Musik Regensburg, Mundos e Fundos, Temporada de Música em São Roque, Festival de Música Religiosa de Canarias, Festival Camiñartes e na série de concertos Choral at Cadogan, em Londres.

Em decembro de 2020 gañou o 1º prémio na categoría de canto, nivel III, do Concurso Internacional de Música Cidade de Almada 2020.

Como solista, interpretou os papéis de "Giannetta" en L'Elisir d'amore de G. Donizetti, "Despina" en *Così fan Tutte* de W.A. Mozart, "La Donna" e "Lauretta" en *La Donna di Genio Volubile* de Marcos Portugal, "Pulcinella" en *Pinocchio* de Pierangelo Valtinoni, "Pilot" no musical *The Little Prince* de Rachel Portman, e Milu Ricci na ópera *1755* seguido de o tío Mário vai ao cinema, de Carlos Azevedo e Telmo Marques. Interpretou ainda, como solista, obras como *Requiem* de W. A. Mozart, *Dixit Dominus* de G. F. Händel, *Vespro della Beata Vergine* de Monteverdi, *Gloria* de Antonio Vivaldi, *Cantata BWV 38* de J. S. Bach, entre outras. Apresentouse a solo en salas de espectáculo portuguesas como o *Theatro Circo*, *Teatro Nacional São João*, *Teatro Helena Sá e Costa* e *Sala Suggia*.

No eido da música de cámara, presentase frecuentemente en recitais de canto e piano xunto co pianista Ángel González en Portugal e España.

Francisco Luengo, director



Nado na Coruña, comezou a aprender a viola da gamba con José Vázquez en 1981, ingresando na Hochschule für Musik de Viena en 1988.

Desde a súa creación, dirixiu Capela Compostelana, un grupo dedicado á recuperación e difusión da música barroca e renacentista. Nesta área Capela Compostelana publicou dous discos compactos, "José de Vaquedano" (ed. Edigal e "Villancicos a Santiago" (ed. Fonti Musicali), dedicados integramente á obra de José de Vaquedano (1642-1711), un dos principais compositores españois do século XVII, que foi "Mestre da Capela" da catedral de Santiago de Compostela.

No 2000 fundou e dirixe o grupo Malandança que interpreta música medieval con instrumentos orixinais, froito do seu traballo como investigador e constructor no eido da

organoloxía medieval europea. Con Malandança publicou o disco "Unha noite na corte do Rei Affonso" ed. Clave Records e "Mya Senhor Velida" Ed. Brilliant Classics, unha gravación que foi nomeada en 2019 aos prestixiosos premios ICMA na categoría de Música Antiga.

En 2004 transcribiu, coordinou e dirixiu o drama litúrxico medieval "Ordo Prophetarum", representado durante anos na noite do 30 de decembro na catedral de Santiago de Compostela.

Colabora habitualmente con outros grupos dedicados á música antiga, cos que realizou gravacións, concertos e xiras por varios países de Europa, Asia, América e África.

En 2009, xunto con Xurxo Varela, publicou o CD "My Singular Entertainment, and Delight" (Ed. Actus), que contén música inglesa para o dúo de violas da gamba do século XVII, con obras de Ch. Simpson, J. Jenkins. e outros autores. De novo con Xurxo Varela publica en 2013 "Le Nymphe di Rheno" (Ed ACTUS), un CD dobre coa integral das doce sonatas a dúo de Jean Schenck (1660 ± 1712).

Desenvolve un intenso traballo en cursos, conferencias, exposicións e publicacións ("El Pórtico de la Gloria, Música, Arte y Pensamiento", publicado por Cuadernos de Música en Compostela, "Los Instrumentos del Pórtico de la Gloria", publicado polo Fundación Barrié de la Maza, Instruments à cordes du Moyen Age, CERIMM, Fondation Royaumont, editado por Créaphis, Instruments de Corda Medievais, editado pola Deputación Provincial de Lugo), conferencias e exposicións.

Capela Compostelana



A Capela Compostelana formouse coa intención de poñer "nuevamente en luz" a música dos séculos XVI, XVII e XVIII.

A nosa interpretación parte do uso das técnicas vocais e instrumentais propias de cadanseu período e estilo que abordamos, camiño idóneo, ao noso entender, para comprender e disfrutar unhas obras lonxanas para nós no tempo. Deste xeito tentamos aprender, con humildade e respecto, a práctica daqueles músicos contemporáneos delas.

Os integrantes do conxunto formáronse no eido da música antiga, e ben o azar ou a necesidade xuntounos no fin do mundo, que é Compostela.

Desde o ano 1988 Capela Compostelana ten feito concertos por diferentes lugares de España, Europa e Estados Unidos,

participando en prestixiosos ciclos adicados á música antiga; entre eles: Festival de Vitoria, Via Stellae, Semana de Música Antigua de Estella, Festival Internacional de Deia, Concerts de Música Barroca de Palma, Auditorio de Galicia, Metropolitan de New York, "Festival de Musique Sacree" de San Maló ALMAntiga...

Capela Compostelana dedica unha parte importante do seu traballo á recuperación e difusión da música galega renacentista e barroca. Neste ámbito editou os discos "José de Vaquedano, Maestro de Capilla de la Catedral de Santiago de Compostela" (Ed. Edigal) e "Villancicos a Santiago" (Ed. Fonti Musicali), e "Eclesiástico Canto" con obras inéditas da Catedral de Santiago de Compostela. Prepara actualmente próximas gravacións con música española deste período.

Capela Compostelana adícase tamén da recuperación de antigas tradicións e litúrxias relacionadas coa Catedral de Santiago, como as Vésperas Solemnes e Misa de Consagración nos actos relativos a "Celebración do VIII Centenario da Catedral de Santiago. Colabora asiduamente co "Orfeón Terra a Nosa", e a "Capilla Musical de la Catedral de Santiago".

Programa The Cries of London

“Consort song” é como son chamadas un tipo de cancións que chegaron a ser moi populares na Inglaterra do século XVI.

A meirande parte das “consort songs” constan dunha voz e varios instrumentos, normalmente catro violas da gamba. Os principais compositores do renacemento inglés compuxeron este tipo de cancións, que servían tanto para soar na igrexa, na corte ou mesmo no ámbito doméstico, dada a enorme sona que as violas da gamba chegaron a ter na Inglaterra; alá, cada fogar que puidese aspiraba a ter o seu “chest of viols” (literalmente “cofre de cordas” no que se gardaban até seis violas de todos os tamaños, sopranos, tenores e baixos, para interpretar “consorts” puramente instrumentais ou coa participación dalgunha voz para entreter os longos seráns invernaís.

Da grande cualidade interpretativa que chegaron a acadar os violagambistas ingleses damos noticia as moitas obras que reclaman un grande virtuosismo, mais que están dirixidas á formación dos alumnos. Quizais o primeiro e máis importante compositor de “consort songs” teña sido William Byrd (1543-1623). Compuxo moitas destas cancións, tanto de temática religiosa como profana, “fancies” (fantasías) e variacións instrumentais. En todo iso afondaremos neste programa.

Outro dos compositores mais célebres na súa época foi o laudista John Dowland (1563-1626). Entre as súas obras destaca o ciclo “Lachrimae”, con 21 pezas instrumentais, cuxas 7 primeiras pавanas están baseadas na canción Flow my tears. Deste compositor interpretaremos, ademais desta, unha suite de danzas: Pavana, Corante, Aria (Almand) e Volta.

Por último, tocaremos a obra que dá título ao programa “The Cries of London” (os berros de Londres), na que o seu autor Thomas Weelkes (1576-1623) crea unha “consort song” a volta dos pregóns dos vendedores ambulantes de Londres que nos consegue transmitir a vibrante atmosfera das rúas daquel Londres do renacemento.